

OS CLUBS DE LECTURA DOS RONSEIS

Momentos de silencio compartido, club de lectura presencial, xorde o curso pasado para ler arredor do Sáhara, de aí o seu signo de identidade:



E este curso prosegue a súa andaina centrada nos temas humanos, con lecturas todas elas en galego. O primeiro libro e o segundo xorden case de casualidade, froito da conversa coas compañeiras de Monforte:





.- Ningún está só é un libro de relatos editado en colaboración con Amnistía Internacional, perfecto como primeiro libro para abordar a temática escollida; como todo libro de relatos, a acollida será diversa e cada lectora escollerá un diferente, o que propicia tamén o debate. Inmigración, tortura, pena de morte... cada relato serviranos para abordar uns Dereitos dos que moitas persoas nunca oíron falar.

.- O carteiro de Bagdad é un libro moi sinxelo que fala da crueldade das guerras, neste caso da guerra de Iraq, pero que se podería extrapolar a calquera outra guerra. Con este libro o debate funcionou de marabilla, mellor do que nun principio pensara, posto que cría que lles ía resultar un pouco infantil. Pero non. É un libro que se pode recomendar sen temor a errar.



.- Con As rulas de Bakunin falamos da guerra civil española, da división entre irmáns, da inxustiza, da crueldade dos seres humanos, do medo, das detencións, do exilio obrigado... Visitounos o seu autor, Antón Riveiro Coello, e a tarde fíxosenos curta de máis.

.- Sen abandonar a temática das guerras, Ruído, relatos de guerra e Fin de século en Palestina, ambas de Miguel Anxo Murado, foron as seguintes lecturas. Nesta ocasión visitounos tamén o seu autor, que nos deixou atónitas coa súa conversa, trasladounos coas súas palabras ao corazón de Israel e sentimos o odio, a vinganza, o po do deserto, as bombas, o medo... Foi unha tarde apaixonante onde Murado confirmou o que xa intuíamos: as guerras non tiran nada bo das persoas, só o peor de nós mesmos, e aínda nos fan ser máis ruíns. Toda unha aprendizaxe sobre outros mundos, outras culturas, outros xeitos de ver a vida.



.- Con Unha puta percorre Europa, todo un libro revelación, abordamos o tema da muller, do feminismo, da homosexualidade, da prostitución. O seu autor, Alberto Lema acompañounos na reflexión que sobre estes temas realizamos. Non sei se foi unha das máis produtivas, pero si foi seguramente unha das sesións na que as compoñentes do club máis analizaron as súas propias crenzas, sorprendidas –segundo elas mesmas aseguraron- polo protagonismo das lesbianas na novela.

.- A última reunión (agardamos o autor) é un libro que xa todas elas leron e que realmente xa comentamos polos corredores, nos intercambios de aula... Trátase de Fume, un libro que as deixou impresionadas sobre o holocausto nazi. Resultou curioso que o feito de que sexa un álbum ilustrado faga que a historia se viva máis intensamente. Esperaremos a rematar cos exames para xuntármolos. Nesta ocasión reuniremonos con outro club de lectura do centro.



Hai que sinalar que este club o curso pasado contaba con moitos máis membros ca este ano: había nais e alumnado. Que fose tan numeroso era un obstáculo continuo para as horas e días de reunión, polo que este curso renunciamos a invitar ás nais para

centrámonos no alumnado. Hai que sinalar tamén que o feito de ser alumnado de bacharelato, coa presión dos novos estudos, obstaculizou o feito da presenza dunha parte dos membros do curso pasado. Hai alumn@s que lían estes libros sen asistir ás reunións e sen formar parte deste club, formando parte dun club de lectura virtual do que imos falar a continuación.

[As estelas dos ronseis](#) é un **club de lectura virtual**, que nace nun principio o curso pasado como un blogue de lectura de aula como medio para incentivar a lectura e que se converte este curso como un xeito de verquer as opinións dos lectores sen ningún tipo de imposición. Algunhas lecturas repetidas débense á presenza dos autores no centro, outras son invitación á lectura cando moito deste alumnado non pode asistir ás reunións do club de lectura presencial, outras é o contaxio da lectura. O máis importante deste club virtual é que se foi abrindo camiño entre unha comunidade lectora que apenas coñezo por non ser alumnado directo. Ás veces é o boca a boca quen axuda a que se interesen por determinado libro; noutras moitas ocasións déixanse aconsellar e poucas veces se senten traizoados. Foi medrando paseniñamente pero sen esgotarse e ten contabilizadas máis de 300 opinións sobre os libros lidos. Quizais un dos logros máis interesantes sexa a incorporación da poesía desde a Feira do Libro que organizamos polas Letras Galegas.